



Un tempo, un territorio, un libro

22/09/2006 por Isaac Lourido

A esmeralda branca

Manuel Vilanova

Libros da Frouma/Follas Novas Edicións,

Santiago de Compostela, 2006, 256 páxs. 25 euros

*A esmeralda branca chegou aos estantes das librarías como o comensal chega ao xantar ao que non foi convidado. Vinte e dous anos despois da última publicación en galego do autor, con case mil poemas no seu interior e editado por un selo pequeno en canto a niveis de facturación, o poemario ofrece unha intensa e meditada aposta pola poesía de alento longo, reflexiva, transcendente. Se o libro supón un desafío á poesía galega contemporánea e/ou a procura dunha vía persoal, na marxe, é unha das cuestións que a lectura, e a propia aparición do libro, suscita.*

Manuel Vilanova marabillara en 1980 coa publicación de *E direi-vos eu do mister das cobras*, nunha altura na que na poesía galega comezaban a agromar as propostas que cadaquén sostiña que debían representar ás letras galegas en democracia, coa nosa Comunidade Autónoma e todo. Co pulo daquelas obras de 1976, a saída das tebras de *Herba aquí ou acolá* e os primeiros apontamentos neodecadentistas copando boa parte dos premios literarios, o libro de Vilanova supuña unha aposta pola poesía integral, na que o mundo enteiro cabía ou podía caber e na que se respiraba a autoconciencia de o autor estar desenvolvendo unha tarefa de altura, importante, nunca allea á vida. Na mesma liña, mais cunhas feitura de maior contención expresiva e de fondo, publicouse en 1985 *A lenda das árbores de prata*, Premio da Crítica Galega. Desde entón até hoxe, viron a luz dous poemarios en español, lingua na que Vilanova se estreara como poeta: *Casa para los ojos* (1988) e *El corazón del pan* (2002). Hai algo en xogo no campo literario galego que limita e condiciona a recepción destes libros, deses autores.

*E direi-vos eu do mister das cobras* presentábase como un poemario de forte simbolismo (as cobras, o labirinto), apuntoado coa creación de audaces e violentas imaxes visionarias e unha tensión existencialista e rebelde sempre no fondo. A reflexión meta-literaria, o uso de rexistros diversos (desde o grave até o irónico) e a heteroxeneidade dos materiais introducidos (noticias de xornal, figuras tan dispares coma Trotsky ou Henry Fonda, referencias musicais clásicas e contemporáneas...), amais, situaban o poemario en senda inhóspita da poesía galega. Vinte e seis anos despois, *A esmeralda branca* amosa unha forte depuración da materia poética tratada,

através dunha viraxe cara ao espiritual e o relixioso patente xa en *El corazón del pan*, e unha maior moderación no plano expresivo. A aposta por unha dimensión simbólica, máxica, sobrevive na obra, integrada por outros elementos que non perden de vista o real.

*A esmeralda branca* é a plasmación poética dunha cosmovisión baseada na pescuda transcendente da paisaxe, que se alcanza con todos os sentidos, na procura da infancia (a memoria, o pasado, o que se foi perdendo, as estacións) e na manifestación do asombro perante a creación, as cousas en si propias... unha poética vertebrada, non coma un catecismo, pola crenza relixiosa de signo cristián. A persecución transcendente tende a obxectivos altos, inmensos, que se nomean con ambición e naturalidade: o Amor, Deus, a Beleza. Chégase a eles através do recoñecemento do milagre da vida e da admiración cara á natureza, a harmonía á que se lle perdeu o rastro orixinal, e os froitos da terra, que son unha bendición.

Contodo, non hai elevación nin espiritualismo banal. Manuel Vilanova escribe desde Barbantes, e o Ribeiro e aínda outros sitios (todos eles nomeados, para o autor é importante dicir, tocar coas palabras) desfilan polos versos do poemario: Vigo, o Morrazo, Noia, todo o percorrido do Miño... o libro é unha lenda lírica e épica dun territorio e dunha dimensión (galega) que se está a perder. Na esfiañada e mesta tea do tempo, a voz do poemario persegue a luz, símbolo dunha felicidade que tivo lugar cando neno e que sobrevive transmutada na figura da Meiga, omnipresente en todo o libro e orixe da epifanía. O exercicio da memoria pode liberarse e esquivar límites, e por iso o poeta naturaliza unha mitoloxía con dobre orixe (por veces popular, outras intelectual) facéndoa máis próxima através dun lirismo sinxelo, mais intenso, e do filtro da ironía, que alixeira o ton e o que por veces se converte en relato ("A miña meiga, que estaba a pintar distraidamente os labios / miroume cunha mirada que todos os homes soñan, / púxose de xanela e cun salaio longo / e doente empezou a berrar: veciños, veciños, / chegaron os canteiros sagrados, chegaron os canteiros celtas!", p. 114)

Aínda representando unha poética de corte clásico, Manuel Vilanova non admite construcións métricas na súa obra. Fiando a composición no ritmo, o máis frecuente é o verso longo e irregular, no que semella fluír dominada unha intensa ansia de escribir. Aínda con acenos de expresividade modernista, por veces neodecadente, hai unha claridade e unha naturalidade na escrita asociadas co ton confesional que se aprecia en boa parte dos poemas. Naqueloutros en que predomina o ton lendario o poema escapa cara ao narrativo, e non poucas veces sorprende o xa mencionado recurso á ironía. Como se se nos dixese: isto é literatura, recreación humana dunha perfección divina.